A Cruña, 21 de abril do 1977

SEBASTIAN MARTINEZ - RISCO Y MACIAS
LA CORUÑA

LINARES RIVAS, 6 Y 7
TELEFONO 227409

Sr. D. Bernardino Graña
Facultade de Filoloxía
Universidade de Compostela

Meu distinguido amigo:

Recibo e dou resposta de contado á súa amábel carta do pasado día 19, na que me honra convocándome á reunión de escritores galegos constitutiva do Centro Galego filial do P.E.N. Club Internacional, que terá de se celebrar o próximo vindeiro día 23 nesa Facultade. De moi boa gana asistiría a ela se non contasen o meu desexo obrigas ineludíbels que nesa mesma ocasión hei de atender. Por elo, formúlolle mediante ista carta a miña adhesión á idea que move

a devandita xuntanza, e agradecereille que nela teña a ben levar a miña representación, que lle confiro coa meirande amplitude.

Cordialmente o saúda e aperta seu devoto amigo e ademirador

Sebastián Martínez Risco